O universo artístico de Mauro Leivas

A exposición de Mauro Leivas no Museo Provincial de Lugo obríganos a botar unha ollada ao pasado. A mostra constitúe un excelente percorrido pola súa produción máis recente: unha manifestación exquisita e sedutora da súa creatividade. Porén, para quen aínda non coñece o seu traballo, cómpre destacar que o seu universo artístico é moito máis rico e complexo do que pode semellar nun primeiro achegamento.

A amizade que nos une desde a adolescencia —compartida tamén con Artiaga— permitiume seguir de preto boa parte dos seus proxectos. Ao longo do tempo, puiden comprobar como o seu espírito singular e libre foi quen de resistir calquera imposición, expresando a través de múltiples linguaxes plásticas as súas preocupacións vitais e estéticas.

A ironía, o humor, a beleza e a denuncia ante toda forma de intolerancia estiveron sempre presentes na súa obra, mediadas por unha ollada lúcida e profunda que transcende os límites da pintura ou da ilustración.

Lembro as súas primeiras esculturas en ferro, realizadas nas instalacións do obradoiro familiar,

empregando unha técnica próxima á de Juan Puchades: soldar anacos de metal para lles dar forma e volume. Nesas pezas —posiblemente dos inicios dos anos setenta— xa se facía visible a súa paixón pola arte e pola súa historia (“Será porque teño a Gargallo na cabeza?”), mais tamén a crítica social, como en *Cerebros oprimidos*, onde integraba un coio recollido no río, anticipando así o seu interese por conceptos contemporáneos.

Naquel tempo, a introspección e a procura dun sentido vital levárono tamén á poesía, disciplina que convivía coa pintura e coa escultura:

unha flor é beleza estática
unha bolboreta é beleza efémera
unha aguia é beleza ceibe

a luz é beleza en si...

e, eu que son, ao fin?

Anos máis tarde, a necesidade de dar resposta a diversos acontecementos sociais e políticos levouno a crear un *libro de artista*, onde durante anos puxo de manifesto, de xeito explícito, a súa actitude pacifista,

ecoloxista e antisistema. Nese formato tamén abordou temas profundamente persoais, como o autorretrato onde tres paxaros aparecen xuntos sobre un cabo da luz, fronte a outro, en soidade, na páxina contigua.

A diferenza foi unha constante na súa vida desde moi novo: afectado pola poliomielite, a súa condición de gay e unha sensibilidade moi avanzada ao seu tempo levárono a empregar a arte como espazo para expresar emocións e renuncias, e para construír unha linguaxe propia.

Transformaba obxectos cotiáns e industriais en creacións artísticas: botellas ou garrafóns que acollían delicadas paisaxes, imaxinativas lámpadas, móbiles e monicreques de *papier maché*, achegas á banda deseñada e ao vídeo... A súa creatividade era tan versátil como incesante.

A curiosidade levouno a viaxar e a convivir con outras culturas. Podemos atopar obras súas tanto en coleccións privadas centroeuropeas como nos murais —dos que descoñezo se se conservan— do Hotel Salam, en Chauen (Marrocos).

Co paso do tempo, a retranca e a acedume foron dando paso a unha pintura máis sutil e delicada, na que a paisaxe galega se mestura con solucións

técnicas propias da pintura oriental: tintas, papel de arroz, minimalismo compositivo... A natureza preséntase como fonte de inspiración e como legado que debe ser preservado, sen deixar de expresar a súa repulsa pola deriva que se está a vivir. Non hai moito, aínda cedía ao colectivo *Eólicos así non* un cartel no que denunciaba a imposición indiscriminada de macroparques eólicos.

Mauro Leivas loitou sempre por expresar o que lle preocupaba, sen prexuízos, alleo ás exixencias do mercado, crítico co poder e dono dunha voz propia, algo que só posúen os grandes mestres. Por iso, esta primeira mostra no Museo Provincial de Lugo é apenas un aperitivo. Agora que nos deixou, cómpre revisar o seu legado e compartilo cun país que, por desgraza, non sempre coida, respecta nin valora aos seus artistas.

Caxigueiro